

# ORDE DE ADXUDICACIÓN E BAREMO

## SOLICITUDE DE PRAZA DE NOVO INGRESO NAS EIM DE SANXENXO CURSO 2025-2026

No suposto de que por grupo de idade haxa **MÁIS solicitudes que prazas ofertadas** aplicarase a seguinte orde de adxudicación e baremo:

### ORDE DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

As prazas adxudicaranse pola seguinte orde:

**1º) Nenos/as con praza no curso 2024/25** nas Escolas Infantís Municipais.

**2º) Fillos/as dos traballadores/as** das Escolas

**3º) Nenos/as cun/cunha irmá/n con praza (renovada ou de novo ingreso) para o curso 2025/26** na escola infantil municipal para a que se solicita praza.

**4º) Nenos/as con medidas administrativas de tutela ou garda en situación de acollemento familiar** e que algún dos membros da familia acollidora estea **empadroado no concello de Sanxenxo**.

**5º) Nenos/as empadroados no concello de Sanxenxo** (con efecto como mínimo do día anterior á apertura de prazo desda convocatoria)

**No caso de quedar prazas vacantes**, adxudicaranse na seguinte orde:

**6º) Nenos/as de pais, nais ou titores** que, estando empadronados noutro concello, teñan o seu **posto de traballo** no municipio de **Sanxenxo**.

**7º) Nenos/as empadroados en concellos limítrofes**.

### BAREMO

#### 1º. SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR:

---

1.1. Por cada membro da unidade familiar .....	2 puntos
1.2. Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea ao seu cargo (Acreditarase mediante declaración do IRPF ou certificado de imputacións e para os efectos desta convocatoria considerarase sempre que convivan no mesmo domicilio e teñan ingresos inferiores ó IPREM vixente) .....	1 punto
1.3. No caso de que o/a neno/a para o que se solicita a plaza nacera nun parto múltiple .....	1 punto
1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade e/ou dependencia ou enfermidade que requira internamento periódico.....	2 puntos
1.5. Pola condición de familia monoparental .....	3 puntos
1.6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais .....	6 puntos
1.7. Pola condición de familia numerosa .....	3 puntos
1.8. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas.....	ata 3 puntos

## 2º. SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

---

### 2.1. Situación laboral de ocupación:

Nai ..... 8 puntos  
Pai ..... 8 puntos

### 2.2. Situación laboral de desemprego (1)

Nai ..... 2 puntos  
Pai ..... 2 puntos

### 2.3. Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (RISGA)

Nai ..... 3 puntos  
Pai ..... 3 puntos

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos como mínimo do día anterior á apertura de prazo desda convocatoria)

- No caso de familias monoparentais ou daquelas en que o/a neno/a conviva cunha soa persoa proxenitora adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computado por dous.
- Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.

## 3º. SITUACIÓN ECONÓMICA

---

Renta per cápita (R.P.C.) mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

- Inferior ao 30% do IPREM ..... + 4 puntos
- Entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM ..... + 3 puntos
- Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM ..... + 2 puntos
- Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM ..... + 1 puntos
- Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM ..... - 1 punto
- Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM ..... - 2 puntos
- Entre o 150% e o 200% do IPREM..... - 3 puntos
- Superior ao 200% do IPREM..... - 4 puntos

• Nos casos de nulidade matrimonial, separación, divorcio ou situacións análogas habendo medidas paterno filiais considérase a renda de quen exerza a garda custodia da persoa menor.

• En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa e despois as de xornada completa con servizo de comedor sobre as solicitudes de media xornada.

• No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes da situación laboral familiar e na situación económica deste baremo.

• No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.